

MÉTODOS EXPERIMENTAIS E XIRO COLABORATIVO: A ETNOGRAFÍA ITINERANTE NUNHA SOCIEDADE IN/ MOBILIZADA

EXPERIMENTAL METHODS AND THE COLLABORATIVE TURN: ITINERANT ETHNOGRAPHY IN AN IM/ MOBILISED SOCIETY

Carlos Diz

Universidade da Coruña

RESUMO

Neste artigo de reflexión metodolóxica analízanse algunas das experimentacións contemporáneas co método etnográfico. En primeiro lugar, aténdese ao xiro reflexivo e á experimentación coa escritura iniciada nos anos oitenta. De seguido, reflexionando en torno á producción de coñecementos, preséntase o paradigma da colaboración como un signo característico das etnografías experimentais das últimas dúas décadas. A continuación exponse a emerxencia actual das colaboracións experimentais, que fan do traballo de campo a materia prima de reflexión política, ética e epistemolóxica. Xunto a esta reflexión más teórica, o artigo parte dunha investigación en curso sobre a economía de plataformas e o reparto de comida a domicilio, para propoñer, provisionalmente, a etnografía itinerante como unha forma de experimentación espazo-temporal no terreo. A etnografía itinerante mobiliza os métodos experimentais, despraza a mirada no campo e, finalmente, constrúe a in/mobilidade como unha perspectiva máis que coma un obxecto.

Palabras clave: Métodos etnográficos experimentais; Etnografía itinerante; Xiro colaborativo; Colaboracións experimentais; In/mobilidades; Paradigma da mobilidade.

ABSTRACT

This paper analyses some of the contemporary experiments with the ethnographic method. Firstly, it looks at the reflexive turn and the experimentation with writing that began in the 1980s. Then, reflecting on the production of knowledge, the paradigm of collaboration is presented as a characteristic sign of the experimental ethnographies of the last two decades. The current emergence of experimental collaborations, which make fieldwork the raw material for political, ethical, and epistemological reflection, is then discussed. Alongside this more theoretical approach, the paper draws on ongoing research on the platform economy and home-delivered food sector to propose, provisionally, itinerant ethnography as a form of spatio-temporal experimentation in the field. Itinerant ethnography mobilises experimental methods, shifts the gaze in the field and, finally, rethinks in/mobility as a perspective rather than an object of inquiry.

Keywords: Experimental ethnographic methods; Itinerant ethnography; Collaborative turn; Experimental collaborations; Im/mobilities; Mobilities paradigm.

INTRODUCIÓN¹

Este artigo ten unha vocación fundamentalmente ensaística e reflexiva. O obxectivo central é percorrer e compendiar algúns dos cambios más notables producidos, nas últimas décadas, no relativo á experimentación metodolóxica en antropoloxía. Nun segundo plano, a partir das reflexións provisionais sobre un proxecto de investigación en cernes no marco da economía de plataformas e do reparto de comida a domicilio, propoñerase a idea dunha etnografía itinerante como aporte aos métodos experimentais contemporáneos; unha etnografía que renegocia a posición no campo en base ao carácter dinámico do terreo e ás súas transformacións espazo-temporais. Con todo, aínda que tomemos algúns exemplos –propios e alleos– do traballo de campo etnográfico, o espírito deste texto é máis ben tentativo, interpretativo, teórico e experimental. En certo

1. Esta contribución enmárcase dentro do proxecto “Culturas emergentes de precariedad móvil en la *Gig Economy Digital*: El sector de la comida a domicilio en España”, financiado pola Axencia Nacional de Investigación e o Ministerio de Ciencia e Innovación (PID2020-115170RB-100). <http://riders.unizar.es/>. O meu agradecemento más sincero ás revisoras deste artigo, polo seu excelente traballo e gran axuda.

modo, e obviando neste caso que a etnografía refírese tanto ao traballo de campo como á escritura en si mesma (Abu-Lughod, 1991), poderíamos pensar esta proposta coma un texto de tipo meta-etnográfico, isto é, “unha interpretación do traballo etnográfico que se coloca por fóra da etnografía –unha especie de etnografía da etnografía” (Van Maanen, 1993: 56).

Os métodos etnográficos experimentais son maneiras de facer e de pensar o traballo de campo que impulsan a inventiva e a imaxinación etnográfica en contextos diversos, complexos e cambiantes. Escribir e reflexionar sobre experimentacións etnográficas nas ciencias sociais permítenos pensar dende outras situacións, perspectivas e sensibilidades, prestando atención a algunas das transformacións contemporáneas nos modos de indagación sobre o noso entorno. Estes métodos, fráxiles e auto-reflexivos na súa condición, e abertos e flexibles na súa articulación, experimentan –a miúdo colectivamente– antes, durante e despois do traballo de campo, repensando ética e creativamente o seu deseño, a súa escritura, a súa transferencia ou as relacións producidas no terreo. Os métodos etnográficos experimentais renovan o valor e a tradición da etnografía clásica, ao xogar concienciadamente coas súas formas, límites e sentidos.

As dúas últimas décadas animaron a experimentación metodolóxica en ciencias sociais. Non só no terreo da antropoloxía social e cultural, onde a etnografía achou a súa orixe histórica como metodoloxía cualitativa e tamén como aceno disciplinar e fondo ritual para o investigador. Hoxe, a etnografía transcendeu fronteiras e é empregada en múltiples disciplinas, dentro e fóra da academia, así como nos espazos *in-between* (Estalella e Sánchez-Criado, 2018). Precisamente, o relativo éxito da etnografía é o que en parte explica o auxe contemporáneo dos procesos de experimentación metodolóxica. Con todo, estes procesos, altamente recursivos e sempre inacabados e facéndose a si mesmos (*in-the-making*), tamén emerxen –entre outras razóns– ante a crise de representación e de lexitimidade de certas maneiras más convencionais de facer ciencia, zarandeadas polo contexto actual de incerteza, guerra e crise ecolólica, económica, democrática², etc. Xorden, pois, ante a necesidade de producir coñecementos e relacións doutro xeito, en contextos que demandan adaptarse a un mundo con novos desafíos e responsabilidades. Un mundo que convida a encarar, pensar e habitar os problemas e as preguntas do presente con máis ferramentas e cun repertorio metodolóxico aínda máis amplio e diverso.

Aínda que soe paradoxal, toda tradición invéntase e reinvéntase constantemente (Hobsbawm e Ranger, 2002), incluída a propia tradición do traballo de campo etnográfico

2. Os movementos sociais teñen visibilizado e contestado, na última década, moitas destas crises. Por exemplo, o caso da “indignación”, a partires do 2011, foi tamén unha reacción á crise de lexitimidade e de representación democrática, non só dos partidos políticos senón do réxime xeral de expertos (Diz, 2017). Neste contexto, tamén o mundo académico vén experimentando as súas propias crises e sacudidas.

(Piñeiro e Diz, 2018). Desde a prudencia, o non saber e a incerteza que toda situación experimental implica, habemos de recoñecer primeiramente que a antropoloxía sempre se estivo inventando e reinventando ao longo do tempo, superando unha e outra vez moitas das súas crises (auto)inflixidas (Comaroff, 2010). Non investigamos igual no século XXI que a comezos do século XX, áinda que haxa técnicas, xestos ou ideas que perduren. Isto non ten que ver cunha visión positivista e evolutiva da ciencia, senón cunha perspectiva dinámica e situada que conecta a investigación coa realidade social do seu tempo (Haraway, 1988). Así, os métodos experimentais referidos neste artigo non pretenden abandonar a tradición do traballo de campo etnográfico. Ao contrario, buscan ampliar o seu alcance e a súa potencia á luz de novos retos, miradas, saberes e sentires.

Podemos adiantarnos e dicir que un trazo das experimentacións etnográficas recentes é non desligar, a conciencia, o suxeito que investiga da realidade investigada. Igualmente, para comprender estes métodos experimentais hai que entender que toda cuestión metodolóxica é tamén, polo menos no eido destas experimentacións, unha cuestión política, epistémica e atravesada polo poder; isto é, que “o metodolóxico non se antepón ao político nin lle é exterior” (Cota e Sebastiani, 2015: 55). Polo tanto, non podemos entender a metodoloxía separada do proceso de investigación, nin do seu deseño, tal como non é posible imaxinar a práctica etnográfica sacando ao investigador do mundo, anulando os seus afectos e emocións (Esteban, 2015; Flores Martos, 2019). Non hai ciencia social sen materialidade, sen corpo. Non hai antropoloxía sen relacións que a sosteñan, nutran e sitúen. Por esta razón, estes métodos, inspirados nos feminismos, na decolonialidade e nas etnografías do Sur –que nos lembran como o coñecemento etnográfico está inserido en dinámicas xeopolíticas globais (Jaramillo e Vera, 2023; Leyva Solano, 2021; Riveiro e Escobar, 2008; Segato, 2021)–, articulan “saberes sensibles” e encarnados (Moscoso, 2020), podendo chegar a integrar outros sentidos na investigación (olfacto, tacto, oído, gusto), e tomando así certa distancia respecto á mera observación –isto é, respecto á vista como sentido único, hexemónico e privilexiado da investigación e do mundo moderno, presuntamente neutro, distante, racional e obxectivo– e ao chamado “verbocentrismo” e “textualismo”, que con frecuencia reduciron a etnografía ao poder da representación que emana das palabras, da oralidade e da escritura.

Por tanto, estes métodos experimentan co coñecemento e co seu proceso de producción etnográfica. Amplían os sentidos do campo, repensan as técnicas de traballo e reformulan a ética da investigación e a súa relación coa contorna e coa sociedade. Na súa condición de apertura e tento, apostan pola hibridación e a circularidade de saberes. Isto é, reconecen o valor epistémico que os suxeitos e comunidades estudiadas teñen por si mesmos (sen a necesaria mediación e purificación dos investigadores), o que permite problematizar o monopolio do saber experto capturado historicamente pola ciencia

(Holmes e Marcus, 2008). Nas ciencias sociais, as experimentacións etnográficas poden expandir as fronteiras da investigación e da experimentación tal e como foron deseñadas inicialmente en ciencias naturais; é dicir, como procesos pechados, illados e delimitados, a distancia do obxecto e guiados sempre por un ollo experto e incapaz de “contaxiarse” dun exterior social (Latour e Woolgar, 2013). A experimentación co método etnográfico, en cambio, produce unha tensión entre o estable e o inestable, entre o control e a sorpresa, entre o que se sabe e o que se ignora (Corsín Jiménez e Estalella, 2013). Recoñecer epistemicamente ao outro implica aceptar a súa curiosidade, a súa imaxinación, a súa capacidade de facer e de facerse preguntas, e por que non, a súa habilidade para indagar e experimentar co mundo. Esta mesma curiosidade, e o gusto por especular e por inventar preguntas, atravesa os métodos etnográficos experimentais discutidos neste artigo.

Un artigo que aparece estruturado do seguinte xeito. En primeiro lugar, son presentados os métodos etnográficos experimentais na tradición da antropoloxía social e cultural, partindo das discussíons iniciadas nos anos oitenta. Dada a proliferación destas experimentacións, a súa apertura e o seu cariz transversal e interdisciplinar, o texto nutrirase de aportacións chegadas da xeografía humana, a socioloxía, os estudos sociais de ciencia e tecnoloxía, e as artes. En segundo lugar, preséntase o paradigma da colaboración iniciado nas dúas últimas décadas, analizando o seu efecto na produción de coñecementos como un signo contemporáneo das metodoloxías experimentais. En terceiro lugar, cun sentido provisional e poñendo en relación o dinamismo e a flexibilidade das experimentacións etnográficas co carácter multisituado e movedizo do noso tempo –e de realidades coma o de reparto de comida a domicilio no marco da economía de plataformas–, proponse a metodoloxía da etnografía itinerante como unha forma de invención etnográfica que experimenta o campo e as relacións cos outros a través de transformacións móbiles espazo-temporais. Finalmente, as conclusíons fan balance dos aportes do texto e destacan o valor da invención na renovación da tradición.

1. FIELD WORK) IN PROGRESS: REEQUIPANDO OS MÉTODOS ETNOGRÁFICOS

O poder da tradición etnográfica reside, en grande medida, na súa capacidade para reimaxinarse a si mesma e reformular a súa forma e a súa norma en cada xeración. Así, de cada vez, reequipa (ou renegocia) os seus métodos e acepta que o seu non é un proxecto acabado senón un *work in progress*. Os métodos experimentais contemporáneos teñen múltiples precedentes en antropoloxía. Nos anos oitenta, por exemplo, un momento experimental clave puxo a súa atención na escritura etnográfica, ante unha crise de autoridade e representación que animaba ós antropólogos a tomar un xiro reflexivo (Clifford e Marcus, 1986). A innovación pasaba por facer explícita a relación entre ciencia e poder, reivindicar as poéticas e políticas da nosa escritura, abrir o texto a

múltiples voces cultivando unha polifonía dialólica e non un monólogo autorial, ou reimaxinar as formas da escrita etnográfica a través do (auto)recoñecemento dunha conciencia literaria. A pesar do peso da metáfora dialólica-*bajtiniana*, aquel xesto tomaba normalmente un talante individual, e experimentaba co texto pero raramente co traballo de campo (*fieldwork*) que o alumaba. Así e todo, este momento experimental suscitou non poucas controversias e debates ao interior da disciplina. Cabe destacar, como exemplo, as poderosas críticas da antropoloxía feminista, que contestaron o exercicio de silenciamento que Clifford e Marcus exerceron no relativo á reflexión sobre a textualidade etnográfica realizada por mulleres antes xa da publicación da súa obra (Abu-Lughod, 1991; Behar e Gordon, 1995).

As décadas seguintes estiveron marcadas pola pegada da globalización, as tecnoloxías informacionais e o auxe de perspectivas críticas coma os estudos feministas e decoloniais. A intensificación e a aceleración da mobilidade humana e dos contactos, nun mundo aparentemente máis conectado, ampliou e reformulou o tradicional sentido do “campo” como un desprazamento máis que como un lugar fixo (Gupta e Ferguson, 1992). Así, a antropoloxía crítica, tentando fuxir do sedentarismo, do nacionalismo metodolóxico e dunha perspectiva estática, ríxida e esencialista da cultura, orientábase agora ao estudo de culturas viaxeiras con máis rutas (*routes*) que raíces (*roots*) (Clifford, 1997). Non obstante, estes desprazamentos eran sempre máis tentativos ca conclusivos. Neste punto en concreto, bastaría con observar o “pensamento de Estado” ao redor das migracións (Sayad, 2010) e as prácticas de goberno ao redor da mobilidade laboral (Mezzadra, 2004), para entender que, tanto hoxe como daquela, o nacionalismo metodolóxico ten sido unha constante en numerosas disciplinas (Wimmer e Glick, 2002). Con todo, os novos tempos traían consigo novos desafíos metodolóxicos, pero a metáfora dialólica non afectaba ao deseño do traballo de campo, e o desprazamento cara técnicas multisituadas, que intentaban rastrear as formas culturais do presente, adoitaba quedar restrinxido ao repertorio individual de cada investigador (Marcus, 2001). Xa no século XXI, nun mundo en crise permanente (crise financeira, democrática, ecológica, sanitaria, bélica), os métodos experimentais semellan aventurarse máis cara ao colectivo, e a metáfora colaborativa tende a desprazar á (máis textual) metáfora dialólica (Lassiter, 2005).

Hoxe asistimos a un novo momento experimental, que reclama o poder da etnografía experimentando co traballo de campo. Isto transcende as ciencias sociais, igual que a etnografía transcende xa a antropoloxía. Este *ethos* experimental e participativo permite problematizar (e ensanchar) a cultura dos expertos, ao estenderse por universidades e sitios tan dispares como empresas, museos e centros de arte, entre deseñadores e grupos activistas, ou na política institucional (Holmes e Marcus, 2008). O campo, neste novo momento creativo, transfórmase e alenta a experimentación metodolóxica ao recoñecer o valor epistémico do outro “non experto”. Nestes e outros contextos, múltiples e variados,

o outro convértese nun suxeito curioso, atento e reflexivo, que vive creativamente a súa cotiandade; é dicir, convértese no que sempre foi. Este suxeito, con máis *axencia* que o tradicional “informante”, é un suxeito que pensa, actúa, sente, imaxina, intervén, organiza e dialoga dunha maneira “para-etnográfica”, a cal nos convida a “reaprender os nosos métodos a partir de suxeitos que se volven acompañantes epistémicos” (Holmes e Marcus, 2008: 84)³. Desta maneira, auspiciados polo xiro do coñecemento e na intersección dos feminismos, os estudos sociais de ciencia e tecnoloxía (STS) e os estudos decoloniais, os métodos etnográficos experimentais recoñecen agora as prácticas destes suxeitos, en campos tan diversos coma o dos movementos sociais e a acción colectiva, como “coñecementos-prácticas” ou “prácticas de coñecemento” (*knowledge-practices*), animando así un tipo de investigacións más simétricas, que dan conta de coñecementos “subalternos” moitas veces invisibilizados nas tradicións hexemónicas (Álvarez Veinguer *et al.*, 2020; Casas-Cortés *et al.*, 2008; Escobar, 2007).

Esta aproximación vén sendo conceptualizada e posta en práctica na última década como unha forma de “acompañamiento” (Estalella e Sánchez-Criado, 2020; Rabinow, 2011). O acompañamiento, en tanto relación experimental no campo, tenta sostenerse nunha ética da colaboración, a complicidade, a interdependencia e a aprendizaxe mutua. Esta idea resulta menos extractiva e busca horizontalizar o máis posible as relacións coas comunidades estudiadas. Ditas comunidades estarían presentes, nun plano ideal, no propio deseño da investigación, de maneira que a reciprocidade se negociaría dende as primeiras fases, e as comunidades poderían incidir nos sentidos, preguntas e resultados da investigación, tendo en conta os seus propios intereses e o seu coñecemento directo e experiencial do entorno estudiado. Por suposto, calquera experimento contén graos de incerteza, dúbida, inseguridade e probabilidade de fracaso. Non obstante, de partida, o acompañamiento non sería xa unha aposta individual –xa non estamos na época dos *investigadores-heroes*, marcadamente masculinos e alleos á vulnerabilidade– senón un proxecto que busca aprender e traballar xuntos e con outras, visibilizando así a rede de afectos e relacións que sustentan e fan posible o traballo etnográfico no día a día. Unha rede colectiva e interdependente que, en realidade, sempre estivo aí –aínda que disimulada, invisibilizada ou silenciada–, e que o feminismo desvela como materia intrínseca á trama da vida e, tamén, á trama etnográfica (Ortner, 2007). O propio caso de Rabinow, por exemplo, coma investigador e tamén coma profesor, mostra como este acompañamiento pode tomar formas diversas más ou menos novedosas, aínda que as relacións de poder

3. Cabe indicar a heteroxeneidade e as tensións que existen ao interior dos métodos experimentais e comprometidos, pois estes non representan unha unidade. Así, por exemplo, denunciáronse prácticas “comprometidas” exercidas desde o Norte, que, a pesar de indicar teoricamente a descolonización como tarefa central, xeraban prácticas pouco éticas. Con todo, cando son atendidas, estas contradicións poden resultar construtivas para seguir aprendendo e indagando na procura de métodos más xustos (Hale, 2011).

sigan pervivindo, agora conscientemente minimizadas: dos experimentos nas aulas coa pedagogía universitaria ás formas colaborativas de producción de coñecemento en laboratorios científicos, ensamblando ou imbricando distintas maneiras de indagación e de escritura co obxecto de colectivizar (ou máis ben, de desvelar o carácter colectivo) d/ os procesos sociais que nos levan á producción científica de coñecementos (Fernández de Rota, 2023). Este acompañamento, entón, o saber acompañar e o saberse acompañado, postúlase como un experimento relacional que reinventa a colaboración no campo. Xustamente, sobre a devandita colaboración, detémonos deseguido con máis detalle.

2. O XIRO COLABORATIVO NA PRODUCIÓN DE COÑECEMENTO

Vale aclarar o seguinte: o traballo de campo etnográfico é, por definición, colaborativo. Sen embargo, o actual xiro colaborativo permítenos repensar a colaboración “máis aló da antiga idea de que o suxeito responde, coopera e tolera a axenda e as formulacións más ou menos manifestas do etnógrafo” (Holmes e Marcus, 2008: 85). A colaboración, entón, xa non resultaría algo colateral, circunstancial e secundario, senón que estaría recoñecida como unha fórmula metodolóxica dende a formulación inicial da investigación. En décadas precedentes, o novo impulso colaborativo fixose especialmente patente ao redor de temas públicos, políticos e conflitivos, en estratexias de investigación activistas ou aplicadas, tales como a investigación-acción participativa (IAP) ou a etnografía militante (Fals Borda, 1999; Lassiter, 2005). Hoxe, sostidos por un espírito crítico, feminista e decolonial, os métodos etnográficos experimentais integran xa a colaboración no seu deseño metodolóxico inicial, politizan o método máis aló do problema ou obxecto de estudio, cuestionan eticamente a posición e a autoridade do etnógrafo, encollen as fronteiras entre investigador e investigado, e non intentan mirar únicamente cara a fóra “senón mirar tamén sendo parte da paisaxe que se observa” (Moscoso, 2020: 42).

Na última década, na nosa contorna, á vez que unha crise de representación política sacudía as institucións –pensemós, por exemplo, no movemento 15M de 2011, ou na súa tradución electoral e municipalista no ano 2015, tanto na Galiza coma no conxunto do Estado–, unha axitación experimental en ciencias sociais afectou os métodos etnográficos e a relación co campo. Unha xeración de investigadoras novas, desde xeografías e campos múltiples e en gran medida mulleres, comenzaron a ensaiar o que os antropólogos Estalella e Sánchez-Criado (2018) denominan “colaboracións experimentais”. Con este concepto, os autores repensan o campo como un sitio de colaboración para o coñecemento. No seu diálogo coa tradición etnográfica, estas colaboracións experimentais propoñen un tipo de etnografía que expón a relationalidade no campo como unha forma de colaboración máis que de participación, e que tenta producir coñecementos pola vía da experimentación máis que da observación. O que se busca con este paradigma, apoiado en traballos previos, é unha colectivización procesual do saber e da súa producción, o

que implica a elaboración de axendas compartidas, a negociación constante e o diálogo de reflexividades no terreo (Rappaport, 2008). Un experimento complexo e que pode fracasar en calquera momento, porque require descentramento e un permanente empeño en pensar e facer con outros; isto é, require entregarse á vulnerabilidade etnográfica e a outras miradas (Behar, 1996), afastándose do monopolio e das tentativas de control de tódalas fases da investigación⁴. O obxectivo destas colaboracións, en definitiva, parece ser coidar o acompañamento no campo e colaborar e experimentar *cos* suxeitos, non pensar *sobre* eles (Arribas, 2015).

Estas colaboracións problematizan, aínda que non sempre resolen, as dicotomías clásicas no terreo (tamén os privilexios e as relacións de poder) e experimentan coas relacións establecidas cos suxeitos e co campo en si. Por exemplo, na proposta de Estalella e Sánchez-Criado (2018), o informante transfórmase en “socio”, “colaborador” ou “contraparte”. Non só informa, senón que inventa e transforma o mundo; non nos dá información, senón que colabora connosco na súa producción. Estas prácticas colaborativas xeran outras relacións, tanto como son xeradas por estas. A través da co-producción do que estes autores chaman “dispositivos de campo” podemos exemplificar estas colaboracións. Estes dispositivos son invencións etnográficas socio-materiais que permiten ensamblar espazos, tecnoloxías, saberes e relacións, tecendo unha rede colaborativa no campo, baseada na interdependencia de cada un dos elementos que o constitúen e fan emerxer (Latour, 2008): crear unha plataforma dixital para colaborar na difusión dun movemento social; organizar xunto a outros encontros, *performances* e xornadas públicas nas que discutir sobre un tema, pensar xuntos sobre un problema ou visibilizar algún proceso; establecer prácticas de documentación compartida e mesmo de escritura colaborativa; celebrar proxeccións audiovisuais ou exposicións fotográficas hibridando as ciencias sociais cunha sensibilidade artística, etc. Estes son só algúns exemplos, pero neles vemos a intención de superar unha herdanza metodolóxica colonial baseada no distanciamento, as xerarquías, as relacións asimétricas e o extractivismo epistémico⁵. As colaboracións

4. A complexidade da posta en práctica desta sensibilidade etnográfica é innegable. Tamén, o momento posterior e más persoal da escritura, que como dicimos ten sido obxecto de experimentación dende hai décadas, tense problematizado recentemente. Véxase, entre outras, a “etnografía recíproca” tramada entre investigadora e informante, que se fan amigas e escriben xuntas (Gay y Blasco e Fernández, 2019). No meu caso, a escritura colaborativa xunto a activistas da mobilidade na cidade da Coruña non quedou exenta de dificultades: en canto ao ritmo, en canto á técnica, en canto aos conceptos, etc. (Diz e Vázquez, 2012).

5. Neste punto, cómpre lembrar o contexto histórico-colonial que dá orixe á antropoloxía como disciplina (Clifford, 1995, 1997). Aquel contexto lexitimaba, en efecto, un extractivismo que non só era epistémico senón moitas veces material. O museo, e a propia concepción do “patrimonio” como réxime da modernidade, cos seus conflitos e lóxicas de poder, sería só un exemplo máis (Sánchez-Carretero, 2017).

experimentais, en tanto exercicio crítico e situado, requiren de imaxinación e de invencións coas que repensar o sentido da nosa práctica etnográfica.

Nos últimos anos, este espírito colaborativo ten circulado entre o campo e a academia, convertida esta nun lugar de precariedade, crítica e experimentación (Pérez e Montoya, 2018). Algunhas compañeiras deciden poñer en cuestión os seus privilexios epistémicos, repensando as súas prácticas académicas á luz dos deseños colaborativos dos seus proxectos de investigación (Roura-Expósito *et al.*, 2018), ou repensando as formas de escritura e publicación (Dallemagne *et al.*, 2015). Outras, estudiando a mobilidade humana e as pegadas da migración en Galicia, elaboran películas documentais que funcionan coma un dispositivo de campo que conecta coas comunidades e cos seus traballos previos (Díaz *et al.*, 2022). Outros, con maior ou menor acerto, incorporamos o sentido da colaboración e da experimentación na nosa relación co estudiantado (Castro-Fernández *et al.*, 2022), ensaiando a “innovación docente” e participando xunto a eles e elas na producción experimental de prácticas e saberes: camiñando a cidade e pensando mapas, rutas e ontoloxías híbridas que problematizan a dicotomía moderna campocidade e natureza-cultura (Díz *et al.*, 2019); mobilizándonos xunto a asociacións, artistas e activistas veciñais para problematizar os límites ecolóxicos da vida urbana, analizando as controversias ambientais e os seus impactos nos territorios “de sacrificio” do rural galego (Santiago-Gómez *et al.*, 2020); animando a producción colectiva de fotografías, vídeos, relatos e memorias de estudantes de todas as idades (de estudantes de grao a estudantes “sénior”), para crear arquivos multimedia en momentos de vulnerabilidade coma o da pandemia (Cortés-Vázquez *et al.*, 2021); ou intervindo materialmente en contextos de extrema precariedade, participando xunto a poboacións estigmatizadas, técnicos e colectivos de arquitectura social na auto-construcción de centros sociais comunitarios (Martínez-Buján *et al.*, 2020).

Agora ben, á hora de deseñar e levar á práctica un proxecto etnográfico, este paradigma das colaboracións experimentais non busca botar por terra as aproximacións metodolóxicas tradicionais, senón ampliar o noso repertorio de técnicas e sensibilidades, aplicadas cun sentido (auto)crítico e eticamente comprometido en contextos cada vez más cambiantes. É certo que non toda etnografía pode (nin debe) ser colaborativa, pois cada unha está aberta a protagonistas, circunstancias, preguntas, recursos, contextos e intereses prácticos distintos. Ademais, dun xeito paradoxal, a actual academia española –excesivamente burocratizada e mercantilizada– tende a brindar un tempo escaso e limitado, aos seus traballadores, para realizar investigacións con calma e calidade (Ávila *et al.*, 2018). Con todo, a fraxilidade destes métodos experimentais non ha de verse como un contratempo senón como unha fortaleza e unha apertura. Esta fraxilidade experimental implica recoñecer en primeiro lugar un non saber, ou un saber compartido e enredado, que excede o monopolio do saber experto do científico; supón asumir,

dende a humildade, unha vulnerabilidade que cede o control e a autoridade do etnógrafo ao devir das relacións cos outros, moitas veces sorprendentes; e conleva abrirse ao inesperado e á incerteza, ás preguntas máis que ás respuestas, ao que está aínda (e sempre) por formarse, no campo, xunto a outros e outras. Dalgunha maneira, seguindo nesta reflexión o pensamento de Marina Garcés (2020), poderíamos pensar as colaboracións experimentais contemporáneas como unha “alianza de aprendices”, é dicir, unha composición que ensambla e recoñece saberes e non saberes múltiples, capaz de inventar –aínda que sexa precariamente– outro tipo de relacións no mundo que invitén a elaborar outro sentido.

Ao mesmo tempo, cabe ser prudentes. Xunto ao *ethos* experimental da nosa época, o mantra do “colaborativo” enúnciase hoxe por todas partes. Tomemos o caso concreto do estudo emergente do capitalismo de plataformas e da chamada *gig economy*, onde o “colaborativo” funciona como un eufemismo na xerga neoliberal (Casas-Cortés *et al.*, 2023; Del Nido, 2022). Moitos repartidores de comida a domicilio, os chamados *riders*, a meirande parte deles migrantes en precaria situación administrativa, que recorren as cidades en bicicleta, patín, coche ou motocicleta, son categorizados por plataformas como Glovo e Uber Eats como “socios” e “colaboradores” (Revilla e Blázquez Martín, 2021). A través da etnografía, Rosenblat (2018) revela como estas plataformas están a transformar a retórica do traballo nunha retórica do consumo. Na súa aplicación (*app*), a empresa Uber equipara a condutores e pasaxeiros: ambos pasan a ser “usuarios”. Tamén, o manexo da linguaxe e dos afectos resulta ser importante: a énfase en conceptos como autonomía, elección, flexibilidade, emprendemento ou liberdade, moi recorrentes no traballo de campo, ten como efecto a responsabilización individual e a nula cobertura social de parte das plataformas (Morales e Stecher, 2023; Sanz de Miguel *et al.*, 2023). Compañías como Deliveroo teñen producido un documento-guía de distribución interna onde prohiben aos repartidores o uso de palabras específicas: non cabe falar de “turno” senón de “entrega” ou “misión”; cómpre evitar a palabra “salario” e referirse en cambio a un “pago por servizo”; non existe o “uniforme” senón a “roupa de entrega”; non hai “obriga” senón “flexibilidade”, e tampouco “contratación”, senón “colaboración” (Rosenblat, 2018). É dicir, en termos prácticos, os *riders* son traballadores non recoñecidos como tal por estas empresas, quenes utilizan a “colaboración” como unha estratexia retórica e ambivalente coa que negar dereitos laborais e modular as subxectividades. Neste sentido, a literatura de plataformas móvese entre a descripción da toma de conciencia política e a mobilización sindical dos traballadores (Woodcock e Cant, 2022) e a súa asunción plena da subxectividáde neoliberal (De Stavola, 2020), omitindo as zonas intermedias de axenciamento que revela a cotiandade de reparto (Allen-Perkins e Cañedo-Rodríguez, 2023; Diz *et al.*, 2023). Con todo, dada a ambigüidade da colaboración, as súas reapropiacións retóricas e o contexto neoliberal que modula as subxectividades, a

“colaboración” no mundo *rider* pode servir de chamada á prudencia. A racionalidade individual e competitiva, dentro e fóra da academia, pode tamén truncar as colaboracións, ou facer que estas nos leven a colaboracións indesexadas.

Rúa arriba e rúa abaxo, movendo os seus corpos e a nosa comida pola cidade, os repartidores desprazan conceptualmente os límites do colaborativo e esíxennos con iso prudencia e atención. Estes desprazamentos conceptuais son dalgún modo equiparables aos seus rápidos e precarios itinerarios urbanos, que reconfiguran as relacións e as experiencias contemporáneas en canto ao tempo e ao espazo. Relacións que afectan a cuestións tan amplas coma o traballo, a alimentación, o consumo e as economías dixitais. A continuación, podemos usar eses desprazamentos urbanos como imaxe e metáfora para pensar un tipo de etnografía itinerante que nos permita experimentar etnograficamente cun campo espazo-temporal que se expande e se acelera, sempre móbil e cambiante.

3. ETNOGRAFÍA ITINERANTE E MÉTODOS EXPERIMENTAIS EN MOVEMENTO

Podemos pensar a etnografía itinerante como unha invención etnográfica que experimenta o campo e as relacións cos outros a través de transformacións móbiles espazo-temporais. A etnografía itinerante é aquela que despraza os límites tradicionais (e estáticos) do campo, ou máis ben, que se ve desprazada polas transformacións daquel. En primeiro lugar, esta metodoloxía inscríbese na vella crítica ao sedentarismo metodolóxico que caracterizou dende o seu inicio ás ciencias sociais (Clifford, 1997). Esta crítica revela a herdanza moderno-colonial dun método e dunha forma de facer-saber etnográfica que se aproxima á cultura de maneira estática, ordenando e perimetmando os seus límites nun espazo fixo e inmóbil (o do Estado-nación), “encarcerando” espacialmente ao “nativo” e ás súas prácticas –ao dicir de Appadurai (1988)–, e entendendo o desprazamento, a dislocación, o cruce permanente de fronteiras ou a mobilidade humana como un perigo e unha ameaza que desordena a xeografía, a cultura e a identidade (Malkki, 1992).

Esta crítica, iniciada desde a antropoloxía e os estudos culturais e literarios, propagouse nas últimas décadas en ámbitos como a xeografía humana, a socioloxía ou os estudos sociais de ciencia e tecnoloxía. Este carácter transversal e interseccional permite abordar a mobilidade “como feito xeográfico que se sitúa no centro das constelacións de poder, a creación de identidades e as microxeografías da vida cotiá” (Cresswell, 2010: 551). Neste marco, a etnografía itinerante emerxe para responder a un contexto dinámico, globalizado e acelerado no que a mobilidade –en todas as súas formas e a pesar de ser consubstancial á nosa especie desde o comezo (Le Breton, 2011)– converteuse nunha realidade imparable do noso tempo, multiplicando des/conexións, experiencias, intercambios e relacións complexas. Non só, por suposto, a mobilidade humana das migracións, unha constante e unha cuestión fundamental que atravesa a identidade en Galicia (Fernández-Suárez,

2017), senón tamén –coma no exemplo dos *riders* e da economía de plataformas– a mobilidade urbana, que deberá ser comprendida holística e fenomenoloxicamente más aló da pura análise do transporte (Pazos-Óton *et al.*, 2015).

Fenomenoloxicamente, a mobilidade está fundada na experiencia sensorial, sentida e significada dos itinerarios cotiáns (Augé, 2009; Spinney, 2006), onde se moven, son movidos e interactúan, corpos, afectos, obxectos, palabras, tecnoloxías, ambientes, ritmos, actores humanos e non humanos, mensaxes, normas, memorias, ideas, emocións, políticas, protocolos, deseños, infraestruturas, etc. (Diz, 2019). A in/mobilidade non é pasiva, nin dada de antemán, nin está vinculada únicamente ao desprazamento físico dun punto ao outro, como parece desprenderse de moitas análises dende o punto de vista do transporte e a enxeñería. Mobilidade e inmobilidade son caras dunha mesma moeda, que acontecen en realidades culturais e sociomateriais concretas, coas súas propias dinámicas, desigualdades e efectos de poder (Salazar, 2021). O chamado “paradigma da mobilidade” ou “xiro da mobilidade” amosounos, nas últimas dúas décadas, que esta non é abstracta nin difusa, senón situada: “a mobilidade sempre se localiza e materializa” (Sheller e Urry, 2006: 210). Polo tanto, o seu carácter complexo, entramado e enredado ha de previrnos contra calquera simplificación, tanto teórica como metodoloxicamente. Vivimos nun mundo radicalmente móbil, e ao mesmo tempo, moita xente vive atrancada, atrapada, inmobilizada polos conflitos, as violencias e o réxime global de fronteiras (Agier, 2016). Un mundo no que a mobilidade –turística, académica, etc.– é un privilexio, mais no que tamén, tal e como amosou o confinamento e a pandemia de coronavirus, a inmobilidade tamén pode selo: a sorte de non ter que moverse depende de que outras o fagan por ti.

Neste punto, reflexionar sobre unha etnografía itinerante na pos/pandemia implica recoñecer que algúns autores falan hoxe do “xiro da inmobilidade” (Cairns *et al.* 2021), derivado da crise sanitaria iniciada en 2020. Aquel ano, durante os meses de confinamento, eu –como tantos outros– impartía clases *on-line* dende o meu apartamento, mentres vía pasar, alén da xanela, aos *riders* que eran “obxecto” da nosa investigación en curso. Nas rúas da Coruña, e de tantas cidades, os repartidores de comida a domicilio desempeñaban un deses traballos que foran declarados “esenciais” polo Goberno⁶, movéndose nunha cidade baleirada mentres outros quedabamos na casa. Aquela asimetría atravesaba a realidade e o noso proxecto de investigación, revelándonos a in/mobilidade como un proceso activo e relacional de interconexión, que incide nos suxeitos e na contorna diferencialmente, segundo o xénero, a clase ou a etnia (Mata-Codesal, 2017). Polo tanto, na sociedade in/mobilizada da pos/pandemia, as in/mobilidades son relacións cotiás (multi)situadas e incorporadas, cambiantes e atravesadas de poder (Bissell, 2007).

6. Lista de actividades esenciais, Ministerio de Traballo e Economía Social: https://www.mites.gob.es/ficheros/ministerio/contacto_ministerio/lista_actividades_esenciales.pdf

Nos últimos anos, a antropoloxía española vén prestando atención a ditas mobilidades, analizando o uso da bicicleta nas cidades (Hernández, 2016; Lorenzi e Ortega, 2016) e a súa relación coas corporalidades (Jordi-Sánchez, 2016); indagando nos movementos sociais e no activismo da mobilidade, que entende esta como un “habitar móvil” que crea lugares e relacións, e que está atravesada de emocións, política e identidade (Diz, 2019); atendendo aos efectos de certos desprazamentos e medios de transporte no espazo público (Contijoch *et al.*, 2020); valorizando a relación entre a antropoloxía e o camiñar (Sansi, 2021); ou analizando, entre outros exemplos, estacións e infraestruturas de conexión e in/mobilidade (Anta-Félez, 2023). Metodoloxicamente, no ámbito urbano, fálase dunha “etnografía móvil” como daquela que “despraza o centro de interese dende o lugar (non importa tanto que persoas) ás persoas (non importa tanto en que lugares)” (Pujadas, 2018: 380). Este tipo de etnografía móvil baséase naquela premisa multisituada de “seguir ás persoas” (Marcus, 2001) e pénsease a si mesma como “unha experiencia de traballo colaborativo”, non consistente en “observar-prácticas-de-mobilidade-de-persoas”, senón en “estudar-prácticas-de-mobilidade-coas-persoas” (Pujadas, 2018: 382).

A etnografía itinerante que aquí se propón, para o estudo dos *riders*, é indubidablemente un tipo de etnografía móvil, mais con algunas singularidades. En primeiro lugar, os itinerarios dos repartidores –comunicados por terceiros a través de dispositivos dixitais– veñen determinados repentina e algorítmicamente, o cal xera un espazo-tempo de incerteza, precariedade e imprevisibilidade que corresponde co sentido literal do que é itinerante: o que non ten un lugar fixo, de seu. Isto obriga ás investigadoras e ás repartidoras a ser flexibles e a afrontar un “non saber” que é a base da súa aprendizaxe. En segundo lugar, o reparto de comida supón unha tarefa continua de ensamblaxe, unha sincronización e un re/axuste continuo entre persoas, lugares, obxectos, temporalidades, alimentos e tecnoloxías, de xeito que non basta con “seguir ás persoas” nin con reproducir a dualidade persoas *versus* lugares; unha etnografía itinerante, neste contexto, debería descentrar e desbordar a figura do humano, seguindo a complexa trama sociomaterial da economía de plataformas (Diz *et al.*, 2023). Ademais, seguir aos repartidores e acompañalos en movemento implica aceptar dous factores de realismo etnográfico: primeiro, que boa parte do seu tempo pásano esperando, e non movéndose; e segundo, como xa comentamos, que poden darse casos ou situacións no que dita colaboración non teña lugar, por exemplo porque prime un espírito máis individualista.

Para os *riders*, percorrer as rúas equivale a traballalas. En bicicleta, coche, moto ou patinete, incorporan a flexibilidade e tradúcena fisicamente en itinerarios fragmentados, cronometrados, fatigosos e intermitentes. O espazo-tempo da súa cotiandade exemplifica como a flexibilidade neoliberal reconfigura as prácticas de mobilidade e os itinerarios dos traballadores (Jirón e Imilan, 2015). Nos seus traxectos, desprázanse e desprazan as súas relacións co espazo. Un espazo relacional, dinámico e non estático (Massey, 2013;

Thrift, 2007), aberto aos afectos, aos saberes encarnados e ás incertezas (Estévez, 2016); un espazo producido a partir do movemento e modulado a través das prácticas que o percorren (Ingold, 2011). Un espazo, o dos *riders*, vinculado sempre ao tempo: un tempo de aceleracións e de métricas parametrizadas, mais tamén de agardas e inmobilitade. Nas esperas, por exemplo, descansan, charlan e se organizan, e manifestan a íntima relación entre mobilidade e inmobilitade, convertendo a espera espazo-temporal nunha fase máis nas súas dinámicas permanentes de desprazamento biográfico e laboral (Khosravi, 2021).

No seu sentido experimental, a etnografía itinerante ha de seguir os desprazamentos e desprazarse ela mesma. Existen prácticas de acompañamento e de itinerancia etnográfica ensaiadas exitosamente desde o Sur. A técnica do “sombreo” inventada por Jirón (2011) é un bo exemplo. No seu acompañamiento aos informantes en Santiago de Chile, rastrexa fenomenoloxicamente a mobilidade urbana ao seguiros nas súas ocupacións diárias. Comparte tempo e espazo mentres charla, observa, pregunta, apoia e interactúa. Estes sombreos traen consigo, ás veces, o debuxo das súas traxectorias, experimentando etnograficamente coa maneira de indagar, publicar e contar historias, facendo uso do debuxo e das técnicas visuais, cada vez máis en auxe (Causey, 2017; Iturra e Jirón, 2016). Outro exemplo sería o da “percepción participante”, unha técnica sensorial que incorpora o corpo, as emocións e outros sentidos máis aló da vista e da observación (Pink, 2015), gravando paseos, fotografando ou rexistrando rutinas, e que continúa a tradición rupturista da antropoloxía feminista (Esteban, 2004). Unha tradición que, actualizada hoxe con estes métodos, incorpora a dimensión afectiva nun sentido crítico, político e decolonial, facendo destes métodos que se moven, á súa vez, métodos que conmoven.

CONCLUSIÓNS

Neste artigo, de índole reflexiva e meta-etnográfica, foron presentadas e analizadas algunas das experimentacións metodolóxicas da antropoloxía das últimas décadas. En primeiro lugar, o xiro reflexivo e a experimentación coa escritura animou os debates disciplinares nos oitenta. Máis adiante, nos últimos vinte anos, a metáfora dialólica deu paso a unha metáfora (e a unha práctica) máis colaborativa, volvéndose o paradigma colaborativo un signo das metodoloxías experimentais contemporáneas. Hoxe en día, a emerxencia das colaboracións experimentais permite situar as experimentacións metodolóxicas no traballo de campo en si mesmo, desde as fases iniciais de deseño, repensando a producción de coñecementos como unha cuestión ética e á vez política. Por último, e especialmente no ámbito urbano, a imaxinación de métodos móbiles vai parella á acentuación da mobilidade na nosa sociedade, desafiando ó sedentarismo metodolóxico e a unha concepción da cultura e da realidade social demasiado discreta, ríxida e estática.

A partir das reflexións provisionais dende un proxecto de investigación en curso sobre o mundo *rider*, no marco da economía de plataformas e o reparto de comida a domicilio, foi presentada a idea dunha etnografía itinerante como un aporte específico aos métodos experimentais contemporáneos. Unha etnografía que convida a negociar a posición no campo en base ao carácter dinámico do terreo e ás súas transformacións espazo-temporais. A etnografía itinerante sería un tipo de etnografía in/móbil, atenta ás tensións espazo-temporais que xeran as in/mobilidades no mundo cotiá dos repartidores: unha etnografía da aceleración e dos desprazamentos, mais tamén das esperas e da quietude. Unha etnografía que ha de aprender a convivir coa incerteza, a imprevisibilidade e a precariedade do itinerante, do que non se sabe, do que non ten un lugar fixo. No mundo *rider*, seguir ás persoas é fundamental, pero non suficiente. A etnografía itinerante ha de ser quen de decolonizar aquel punto fixo e privilexiado de observación que ordenaba o mundo, as prácticas e os saberes con aparente certeza e estabilidade; neste sentido, cómpre descentrar ao humano e atender á trama sociomaterial na que este se ensambla. A etnografía itinerante, por tanto, mobiliza os métodos experimentais, anima –pero tamén chama á prudencia sobre– o colaborativo, un terreo ambiguo, flexible e reapropiable. En última instancia, a in/mobilidade non sería tanto un obxecto (un proceso) como unha perspectiva: unha maneira de mirar que despraza e deslocaliza o noso lugar no campo.

En definitiva, os métodos etnográficos experimentais reclaman a colaboración e a experimentación na produción de coñecemento, e chaman a inventar e imaxinar, crítica e colectivamente, formas múltiples de indagación. O seu carácter aberto e inacabado –un *field(work) in progress*– demanda de nós atención e curiosidade. As sucesivas experimentacións metodolóxicas –pasadas, presentes e futuras– non comprometen a etnografía, senón que consolidan a nosa tradición, reequipando os métodos etnográficos.

REFERENCIAS BIBLIOGRÁFICAS

- Abu-Lughod, L. (1991). Writing against culture. En Richard Fox (Ed.), *Recapturing Anthropology* (pp. 137-154). School of American Research Press.
- Agier, M. (2016). *Borderlands. Towards an anthropology of the cosmopolitan condition.* Polity Press.
- Allen-Perkins, D., e Cañedo-Rodríguez, M. (2023). Weaving the algorithm: participatory subjectivities amongst food delivery riders. *Subjectivity.* <https://doi.org/10.1057/s41286-023-00167-6>
- Álvarez Veinguer, A., Arribas, A., e Dietz G. (Eds.) (2020). *Investigaciones en movimiento. Etnografías colaborativas, feministas y decoloniales.* CLACSO.
- Anta-Félez, J. L. (2023). La construcción de un espacio para observar. Una estación de autobuses en el sur de Europa. *Gazeta de Antropología*, 39(1), artículo 01. <http://dx.doi.org/10.30827/Digibug.79502>
- Appadurai, A. (1988). Putting Hierarchy in Its Place. *Cultural Anthropology*, 3(1), 36-49.
- Arribas, A. (2015). Antropología colaborativa y movimientos sociales: construyendo ensamblajes virtuosos entre sujetos en proceso. *Ankulegi*, 19, 59-75.
- Augé, M. (2009). *Elogio de la bicicleta.* Gedisa.
- Ávila, D., Ayala, A., e García S. (2018). La Universidad y la vida, o cómo mantenernos vivos en medio de la neoliberalización de la Universidad. *Disparidades*, 73(1), 55-61. <https://doi.org/10.3989/rdtp.2018.01.001.06>
- Behar, R. (1996). *The vulnerable observer: Anthropology that breaks your heart.* Beacon Press.
- Behar, R., e Gordon, D. A. (Eds.) (1995). *Women writing culture.* University of California Press.
- Bissell, D. (2007). Animating suspension: Waiting for mobilities. *Mobilities*, 2(2), 277-298. <https://doi.org/10.1080/17450100701381581>
- Cairns, D., França, T., Calvo, D. M., e de Azevedo, L. (2021). An immobility turn? The Covid-19 pandemic, mobility capital and international students in Portugal. *Mobilities*, 16(6), 874-887. <https://doi.org/10.1080/17450101.2021.1967094>
- Casas-Cortés, M., Cañedo-Rodríguez, M., e Diz, C. (2023). Platform Capitalism. En M. Aldenderfer (Ed.), *Oxford Research Encyclopedia of Anthropology.* Oxford University Press. <https://doi.org/10.1093/acrefore/9780190854584.013.597>

Casas-Cortés, M., Osterweil, M. e Powell, D. (2008). Blurring boundaries: Recognizing knowledge-practices in the study of social movements. *Anthropological Quarterly*, 81(1), 17-58. <https://doi.org/10.1353/anq.2008.0006>

Castro-Fernández, B., Jiménez-Esquinas, G., e López-Facal, R. (2022). Teacher Training Via Debate on the Way of St. James as Controversial Heritage. *Frontiers in Education*, 6, 823122. <https://doi.org/10.3389/feduc.2021.823122>

Causey, A. (2017). *Drawn to see: Drawing as an ethnographic method*. University of Toronto Press.

Clifford, J. (1995) *Dilemas de la cultura. Antropología, literatura y arte en la perspectiva posmoderna*. Gedisa.

Clifford, J. (1997). *Routes. Travel and Translation in the Late Twentieth Century*. Harvard University Press.

Clifford, J., e Marcus, G. (1986). *Writing culture. The poetics and politics of ethnography*. University of California Press.

Comaroff, J. (2010). The end of anthropology, again: on the future of an in/discipline. *American Anthropologist*, 112(4), 524-538.

Contijoch, M., Martínez, R., e Delgado, M. (2021). Klandos y Jakartas. Informalidad y Estado en dos sistemas de movilidad urbana en la Baja Casamance, Senegal. *AIBR*, 16(2): 397-418. <https://doi.org/10.11156/aibr.160209>

Corsín Jiménez, A., e Estalella, A. (2013). Asambleas populares: el ritmo urbano de una política de la experimentación. En M. Cruells e P. Ibarra (Eds.), *La democracia del futuro* (pp. 61-80). Icaria.

Cortes-Vazquez, J. A., Diz, C., e Santiago-Gómez, E. (2021). Traer el campo al aula: el III Taller de Naturalezas Híbridas ante las vulnerabilidades sobrevenidas durante la pandemia de la COVID-19. En José A. García Naya (Ed.), *Contextos universitarios transformadores* (pp. 107-120). Universidade da Coruña. <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497498180.107>

Cota, A. e Sebastiani, L. (2015). “Que no, que no, que no nos representan” o repensando la relación entre investigación y activismo a partir de nuestras experiencias vividas. *Ankulegi*, 19, 43-58.

Cresswell, T. (2010). Mobilities I: Catching up. *Progress in Human Geography*, 35(4): 550-558. <https://doi.org/10.1177/03091325103833>

Dallemagne, G., Del Arco, V., Montoya, A., e Pérez, M. (2015). The value of open access in Anthropology and beyond". *Anthropology in Action*, 22(2), 42-48. <https://doi.org/10.3167/aia.2015.220206>

De Stavola, F. (2021). El smartphone de Foucault: poder, trabajo y subjetividad en las plataformas digitales de entrega a domicilio. *Arxius de Ciències Socials*, 44(11), 49-61. <https://hdl.handle.net/10550/83072>

Del Nido, J. (2022). *Taxis vs. Uber: Courts, Markets, and Technology in Buenos Aires*. Stanford University Press.

Díaz, S., Espiñeira González, K., Fernández Suárez, B., Oca González, L., Pérez-Caramés, A., Vazquez Arrojo, O., e Vázquez Silva, I. (2022). La circulación de cuidados y remesas en las familias migrantes caboverdianas en Galicia. Una investigación en materia de cooperación al desarrollo. *Revista Internacional de Comunicación y Desarrollo*, 4(16). <https://doi.org/10.15304/ricd.4.16.8497>

Diz, C. (2017). Los otros lugares de la política. Activismo, centros sociales y democracia. En R. Jiménez, W. Gadea e D. Allen-Perkins (Eds.), *Hacia una (re)conceptualización de la democracia contemporánea* (pp. 143-159). Fénix Editora.

Diz, C. (2019). Maneras de vivir: emoción, política e identidades en movimiento. *ANDULI. Revista Andaluza de Ciencias Sociales*, 18, 93-117. <https://doi.org/10.12795/anduli.2019.i18.05>

Diz, C., González Granados, P., e Prieto Arratibel, A. (2023). Reaprendiendo a trabajar: saberes que cuidan en el manejo de algoritmos entre riders. *Disparidades*, 78(1), e001d. <https://doi.org/10.3989/dra.2023.001d>

Diz, C., Santiago-Gómez, E., e Cortes-Vazquez, J. A. (2019). La co-producción de la Naturaleza Urbana: resultados del I Taller de Naturalezas Híbridas. En E. de la Torre Fernández (Ed.), *Contextos universitarios transformadores: construíndo espazos de aprendizaxe* (pp. 333-344). Universidade da Coruña. <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497121.333>

Diz, C., e Vázquez, M. (2012). San Francisco in A Coruña: Masa Crítica as a prototype of global action. En C. Carlsson, L. R. Elliot, e A. Camarena (Eds.), *Shift happens! Critical Mass at 20* (pp. 101-115). Full Enjoyment Books.

Escobar, A. (2007). Worlds and knowledges otherwise: The Latin American Modernity/Coloniality research program. *Cultural Studies*, 21(2-3), 179-210. <https://doi.org/10.1080/09502380601162506>

Estalella, A., e Sánchez-Criado, T. (Eds.) (2018). *Experimental Collaborations: Ethnography Through Fieldwork Devices*. Berghahn Books.

Estalella, A., e Sánchez-Criado, T. (2020). Acompañantes epistémicos: la invención de la colaboración etnográfica. En A. Álvarez, A. Arribas e G. Dietz (Eds.), *Investigaciones en movimiento. Etnografías colaborativas, feministas y decoloniales* (pp. 145-174). CLACSO.

Esteban, M. L. (2004). Antropología encarnada. Antropología desde una misma. *Papeles del CEIC*, 12, 1. <https://doi.org/10.1387/pceic.12093>

Esteban, M. L. (2015). La reformulación de la política, el activismo y la etnografía. Esbozo de una antropología somática y vulnerable. *Ankulegi*, (19), 75-93.

Estévez, B. (2016). Controversias, hibridez y diseño urbano. Abrir el candado de la representación y multiplicar los posibles del espacio público. *Revista de Geografía Norte Grande*, 65, 7-37. <http://dx.doi.org/10.4067/S0718-34022016000300002>

Fals Borda, O. (1999). Orígenes universales y retos actuales de la IAP (investigación acción participativa). *Análisis Político*, 38, 71-88.

Fernández de Rota, A. (2023). Paul Rabinow y la antropología de lo contemporáneo. *Disparidades*, 78(1), e004. <https://doi.org/10.3989/dra.2023.004>

Fernández-Suárez, B. (2018). Migratory trends and their relation to specific policy regarding migrations in Galicia. En R. DePalma, e A. Pérez-Caramés (Eds.), *Galician migrations: A case study of emerging super-diversity* (pp 115-127). Springer. https://doi.org/10.1007/978-3-319-66305-0_9

Flores Martos, J. A. (2019). The ethnographic traveler: Immersions, encounters, and imaginings. En M. Bianet Castellanos (Ed.), *Detours. Travel and the ethics of research in the Global South* (pp. 52-71). The University of Arizona Press.

Garcés, M. (2020). *Escuela de aprendices*. Galaxia Gutenberg.

Gay y Blasco, P., e Hernández, L. (2020). *Writing friendship. A reciprocal ethnography*. Palgrave Macmillan.

Gupta, A., e Ferguson, J. (1991). Beyond “Culture”: Space, identity, and the politics of difference. *Cultural Anthropology*, 7(1), 6-23.

Hale, C. (2011). Entre el mapeo participativo y la “geopiratería”: las contradicciones (a veces constructivas) de la antropología comprometida. En X. Leyva, J. Alonso, R. A. Hernández, A. Escobar, A. Kohler, A. Cumes, R. Sandoval, S. Speed, M. Blaser, E. Krotz, S. Piñacué, H. Nahuelpan, M. Macleod, J. López Intzín, J. Lucrecia García, M. Báez ... W. Mignolo (Eds.), *Prácticas otras de conocimiento(s). Entre crisis, entre guerras. Tomo 2* (pp. 482-512). CIESAS - UNICACH - PDTG-UNMSM.

Haraway, D. (1988). Situated knowledges: The science question in feminism and the privilege of partial perspective. *Feminist studies*, 14(3), 575-599.

Hernández, M. (coord.) (2016). *Bicitopías: Hacia una antropología de la movilidad urbana*. Icaria.

Holmes, D., e Marcus, G. (2008). Collaboration today and the re-Imagination of the classic scene of fieldwork encounter. *Collaborative Anthropologies*, 1(1), 81-101. <https://doi.org/10.1353/cla.0.0003>

Hobsbawm, E., e Ranger, T. (Eds.) (2002). *La invención de la tradición*. Crítica.

Ingold, T. (2011) *Being alive. Essays on movement, knowledge and description*. Routledge.

Iturra, L., e Jirón, P. (2016). Siguiendo trayectorias, dibujando trayectos. Construcción de diagramas desde la experiencia de los habitantes. *Revista Aus*, 19, 4-9. <https://doi.org/10.4206/aus.2016.n19-02>

Jaramillo Marín, J., e Vera Lugo, J. P. (2013). Etnografias desde e sobre o Sul global. Reflexões introdutórias. *Universitas Humanística*, 75, 13-34.

Jirón, P. (2011). On becoming “La Sombra/The Shadow”. En M. Buscher, J. Urry e K. Witchger (Eds.), *Mobile Methods* (pp. 36-53). Routledge.

Jirón, P., e Imilan, W. (2015). Embodying flexibility: Experiencing labour flexibility through urban daily mobility in Santiago de Chile”. *Mobilities*, 10(1), 119-135. <https://doi.org/10.1080/17450101.2013.848583>

Jordi-Sánchez, M. (2016). Pobres, deportistas y ecologistas. Paradojas, estereotipos y afectos en el ciclismo urbano. *Revista de Antropología Experimental*, 16, 129-146. <https://10.17561/rae.v0i16.3021>

Khosravi, S. (2021). *Yo soy frontera. Autoetnografía de un viajero ilegal*. Virus Editorial.

Lassiter, E. (2005). Collaborative ethnography and public anthropology. *Current Anthropology*, 46(1), 83-106. <https://doi.org/10.1086/425658>

Latour, B. (2008). *Reensamblar lo social. Una introducción a la teoría del actor-red*. Manantial.

Latour, B., e Woolgar, S. (2013). *Laboratory life: The construction of scientific facts*. Princeton University Press.

Le Breton, D. (2011). *Elogio del caminar*. Siruela.

Leyva Solano, X. (2021). Aportes desde los márgenes a la co-creación de prácticas otras de conocimientos. *Antropologías del sur*, 8(16), 115-131. <http://dx.doi.org/10.25074/rantros.v8i16.2195>

Lorenzi, E., e Ortega, D. (coords.) (2016). El reto del ciclismo urbano. *Revista de Antropología Experimental*, 16, 1-146. <https://doi.org/10.17561/rae.v0i16>

Malkki, L (1992). National Geographic: The rooting of peoples and the territorialization of national identity among scholars and refugees. *Cultural Anthropology*, 7(1), 24-44.

Marcus, G. (2001). Etnografía en/del sistema mundo. El surgimiento de la etnografía multilocal. *Alteridades*, 11(22), 111-127.

Martinez-Buján, R., Santiago-Gómez, E., Diz, C., Cortes-Vazquez, J. A., e Golías, M. (2020). Campus greening from social sciences: emerging formulas on social responsibility and teaching innovation. *International Journal of Sustainability in Higher Education*, 21(7), 1545-1561. <https://doi.org/10.1108/IJSHE-04-2020-0134>

Massey, D. (2013). *Space, place and gender*. University of Minnesota Press.

Mata-Codesal, D. (2017). Gendered (im)mobility: Rooted women and waiting Penelopes. *Crossings: Journal of Migration & Culture*, 8(2), 151-162. https://doi.org/10.1386/cjmc.8.2.151_1

Mezzadra, S. (2004). *Derecho de fuga. Migraciones, ciudadanía y globalización*. Traficantes de Sueños.

Morales, K., e Stecher, A. (2023). Platform capitalism and neo-normative control: 'autonomy' as a digital platform control strategy in neoliberal Chile. *New Technology, Work and Employment*, 38(2), 230-251. <https://doi.org/10.1111/ntwe.12258>

Moscoso, M. (2020). *Sobre etnografías experimentales y sensoriales*. BAU Ediciones.

Ortner, S. B. (2007). Poder e projetos. Reflexões sobre a agência. En M. Pillar, C. Eckert e P. H. Fry (orgs.), *Conferências e diálogos: saberes e práticas antropológicas* (pp. 45-81). Nova Letra.

Pazos-Óton, M., Varela-Cornado, M. e Lois-González, R. (2015). O corredor urbano atlántico de Galicia. Cara unha nova xeografía da mobilidade? *Revista de Geografía e Ordenamento do Território*, 7, 283-300. <https://doi.org/10.17127/got/2015.7.013>

Pérez, M., e Montoya, A. (2018). La insostenibilidad de la universidad pública neoliberal: hacia una etnografía de la precariedad en la Academia. *Disparidades*, 73(1), 9-24. <https://doi.org/10.3989/rdtp.2018.01.001.01>

Pink, S. (2015). *Doing sensory ethnography*. SAGE.

Piñeiro, E., e Diz, C. (2018). El trabajo de campo como abandono: una reflexión sobre la metodología de la observación participante. *Revista Colombiana de Antropología*, 54(1), 59-88. <https://doi.org/10.22380/2539472X.383>

Pujadas, J. (2018). Etnografía móvil, entre el sombreado y el acompañamiento: notas a partir del estudio de la movilidad cotidiana en la Región Metropolitana de Barcelona (RMB). *Etnográfica*, 22(2), 361-386. <https://doi.org/10.4000/etnografica.5531>

Rabinow, P. (2011). *The Accompaniment: Assembling the contemporary*. University Of Chicago Press.

Rappaport, J. (2008). Beyond participant observation: Collaborative ethnography as theoretical innovation. *Collaborative Anthropologies*, 1, 1-31.

Revilla, J. C., e Blázquez Martín, V. (2021). Uneasy riders: contradicitorias lógicas disciplinarias para una posición laboral imposible. *Revista Española de Sociología*, 30(2), a35-a35. <https://doi.org/10.22325/fes/res.2021.35>

Riveiro, G. L., e Escobar, A. (Eds.) (2008). *Antropologías del mundo*. Envión Editores.

Rosenblat, A. (2018). *Uberland: How algorithms are rewriting the rules of work*. University of California Press.

Roura-Expósito, J., Díaz Aguilar, A. L., Ruiz-Blanch, A., Sánchez-Carretero, C., e Cortés-Vázquez, J. A. (2018). Repensando las prácticas académicas: el diseño colaborativo de un proyecto de investigación a partir de la metodología IAP. *Disparidades*, 73(2), 407-424. <https://doi.org/10.3989/rdtp.2018.02.007>

Salazar, N. B. (2021). Immobility: The relational and experiential qualities of an ambiguous concept. *Transfers*, 11(3), 3-21. <https://doi.org/10.3167/TRANS.2021.110302>

Sánchez-Carretero, C. (2017). Hacia una antropología del conflicto aplicada al patrimonio. En B. Santamarina (coord.), *Geopolíticas patrimoniales: de culturas, naturalezas e inmaterialidades* (pp. 215-230). Neopàtria.

Sansi, R. (2021). Walking utopias. The politics of walking in art and anthropology. *Social Anthropology*, 29(1), 141-155. <https://doi.org/10.1111/1469-8676.12749>

Santiago-Gómez, E.; Cortes-Vazquez, J. A., e Diz, C. (2020). II Taller de Naturalezas Híbridas. Los límites ecológicos de lo urbano. En E. de la Torre Fernández (Ed.), *Contextos universitarios transformadores* (pp. 373-382). Universidade da Coruña. <https://doi.org/10.17979/spudc.9788497497756.373>

Sanz de Miguel, P., Casas-Cortés, M. I., Prieto, A., e Arasanz, J. (2023). El empleo irregular tras la Ley Rider: ¿nueva regulación, idénticas estrategias empresariales? *Revista Española de Sociología*, 32(3), a177. <https://doi.org/10.22325/fes/res.2023.177>

Sayad, A. (2010). *La doble ausencia*. Anthropos.

- Segato, R. (2021) *Crítica da colonialidade em oito ensaios*. Bazar do tempo.
- Sheller, M., e Urry, J. (2006). The new mobilities paradigm. *Environment and Planning A*38, 207-226. <https://doi.org/10.1068/a37268>
- Spinney, J. (2006). A place of sense: A kinaesthetic ethnography of cyclists on Mont Ventoux. *Environment and Planning D*, 24(5), 709-732. <https://doi.org/10.1068/d66j>
- Thrift, N. (2007). *Non-representational theory*. Routledge.
- Van Maanen, J. (1993). Secretos del oficio: sobre escribir etnografía. *Revista Colombiana de Sociología*, 2(1), 47-68.
- Wimmer, A., e Glick, N. (2002). Methodological nationalism and beyond: nation-state building, migration and the social sciences. *Global Networks*, 2(4), 301-334.
- Woodcock, J., e Cant, C. (2022). Platform worker organising at Deliveroo in the UK: from wildcat strikes to building power. *Journal of Labor and Society*, 25(2), 220-236. <https://doi.org/10.1163/24714607-bja10050>.